

## BASES PARA A INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

# XUVENTUDE MENTORING

## V Edición - Primeiro Semestre 2024

*Programa integral de formación e mentoring destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Xuventude Mentoring), cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+, nun 60%, con cargo ao Programa FSE+Galicia 2021-2027, no obxectivo político 4, prioridade 5, obxectivo específico ESO4.1, medida 5.A.06.*

### 1. EN QUE CONSISTE O PROGRAMA XUVENTUDE MENTORING?

O programa **Xuventude Mentoring** é un programa integral de formación e mentoring promovido pola Xunta de Galicia en colaboración co Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (en adiante CIXUG), entidade integrada pola Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, para apoiar e acompañar **ás persoas mozas na súa transición á vida laboral tras rematar os seus estudos de grao ou de formación profesional superior**.

Deste xeito, as persoas participantes no programa **potenciarán as súas habilidades e competencias así como as súas expectativas para acadar un emprego**, a través do apoio permanente dun equipo de persoas titoras, dun equipo de docentes expertos nos distintos contidos a abordar e, sobre todo, dunha rede de persoas mentoras procedentes do propio empresariado de Galicia, que lles ofrecerán asesoramento e apoio profesional á medida ao longo das actividades do programa.

### 2. A QUEN VAI DIRIXIDO?

O programa **Xuventude Mentoring** vai dirixido a **todas as persoas mozas de entre 18 e 30 anos, inscritas e beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil** (en adiante, SNGX) que teñan cursado estudos universitarios de grao/posgrao, formación profesional de grao superior ou estudos superiores nas ensinanzas de réxime especial e que **desexen contar con apoio profesional e asistencia de persoas mentoras con experiencia para enfocar o seu desenvolvemento cara o mercado laboral, tanto por conta allea como por conta propia**.

### 3. QUEN O ORGANIZA?

O programa **Xuventude Mentoring** é un proxecto de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia e o CIXUG.

O programa está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+, nun 60%, con cargo ao Programa FSE+Galicia 2021-2027, no obxectivo político 4, prioridade 5, obxectivo específico ESO4.1, medida 5.A.06.

### 4. CANTAS PRAZAS SE CONVOCAN PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA?

A quinta edición do programa **Xuventude Mentoring**, correspondente ao primeiro semestre do ano 2024, conta cunha oferta máxima de **250 prazas**.

### 5. QUE OFRECE O PROGRAMA?

O programa **Xuventude Mentoring**, como programa integral, está **composto por 4 grandes bloques de accións** que se desenvolverán, fundamentalmente, entre os meses de marzo, abril e maio de 2024:

1. **Actividades de asesoramento e acompañamento** polo persoal do equipo de tutores/as ao longo de todo o calendario. Estas persoas especialistas en orientación e apoio á inserción laboral acompañarán de xeito individualizado a cada persoa participante no seu percorrido **ao longo da súa participación no programa**.
2. **Actividades de mentoría** a cargo de persoas profesionais procedentes do empresariado galego. Cada persoa moza participante terá asignada unha persoa mentora procedente do sector económico ou profesional do seu interese, que lle aconsellará, apoiará e guiará na súa busca de emprego por conta allea ou propia (autoemprego), así como lle axudará a crear e ampliar unha rede de contactos de interese.  
Terá, polo menos, **3 reunións individuais co seu mentor ou mentora, de forma presencial ou telemática**.
3. **Actividades formativas** de apoio ao desenvolvemento do perfil competencial de cada persoa participante. Estas actividades estarán divididas entre **actividades formativas obrigatorias e contidos formativos voluntarios**, podendo desenvolverse de maneira presencial, semipresencial ou en liña.
4. **Actividades de networking e visitas a empresas**. Ao longo do programa **Xuventude Mentoring** promoveranse e organizaranse diversas actividades de interacción e networking a través de eventos presenciais e de visitas a empresas destinadas a mellorar a empregabilidade e establecer unha rede de contactos que apoiem as demais tarefas do programa. A participación nestas actividades será voluntaria.

### 6. CAL É O CONTIDO DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS?

As actividades formativas do **Programa Xuventude Mentoring** dividiranse en formación obrigatoria e formación voluntaria, cun mínimo de 20 horas cada unha.

**Na formación obrigatoria** as persoas mozas participantes abordarán os seguintes contidos:

- Busca activa de emprego.
- Elaboración do currículum vitae e ferramentas TIC para a súa xestión.
- Ferramentas TIC para o posicionamento e marca persoal.
- Motivación e liderado.
- Habilidades comunicativas, negociación e xestión do estrés.

A non participación co correspondente aproveitamento en todos e cada un dos contidos da formación obrigatoria, e sempre e cando non exista unha causa xustificada, poderá dar lugar á exclusión do programa **Xuventude Mentoring**, non continuando no desenvolvemento das actividades do mesmo. A valoración do aproveitamento farase a través das distintas probas que defina o equipo formador de cada un dos contidos indicados.

A **formación voluntaria** contará entre outros, e segundo se desenvolva o propio programa, cos seguintes contidos obxectivo:

- O autoemprego como opción de desenvolvemento profesional e laboral.
- A captación do talento nas empresas.
- Sesións prácticas sobre a preparación das entrevistas de traballo.
- Dinámicas de grupo enfocadas aos procesos de selección de persoal.
- A normativa de referencia do marco das relacións laborais.
- Webinaris, actividades de Networking e sesións de formación en centros empresariais (a definir, segundo os perfís e os intereses das persoas participantes).

A formación obrigatoria e voluntaria poderanse realizar combinando as actividades en liña (a través do campus virtual do CIXUG), con actividades en directo (a través das canles gratuítas definidas polo CIXUG) e/ou con actividades presenciais.

O calendario do contido formativo definitivo concretarase, para coñecemento de todas as persoas interesadas, no seguinte enlace:

- <https://xuventudementoring.gal>

Para o desprazamento ás actividades de formación obrigatoria presenciais contarase cun servizo de transporte colectivo, establecéndose puntos de recollida nas principais

ciudades da comunidade autónoma de Galicia que se concretarán segundo a procedencia ou localización das persoas beneficiarias participantes no programa.

## 7. QUE REQUISITOS TEÑEN QUE CUMPRIR AS PERSOAS SOLICITANTES?

Poderán participar no programa. **Xuventude Mentoring** as persoas que cumpran os seguintes tres requisitos:

1. **Ter rematado os estudos universitarios de grao/posgrao, de formación profesional de grao superior ou estudos superiores nas ensinanzas de réxime especial** nunha universidade ou centro de estudos de Galicia.

Poderán tamén participar aquelas persoas que teñan realizado a formación (universitaria, formación profesional de grao superior ou estudos superiores nas ensinanzas de réxime especial) fóra da comunidade autónoma de Galicia sempre que a dita formación non estivese incluída no programa educativo de ningunha universidade pública ou centro de estudos de Galicia na data de inicio da formación.

Tamén poderán participar aquelas persoas que, tendo realizado a súa formación universitaria fóra da comunidade autónoma de Galicia, tiveran feito un mestrado nalgunha universidade pública de Galicia.

Igualmente, poderán participar as persoas mozas universitarias, de formación profesional superior ou de estudos superiores en ensinanzas de réxime especial coa condición de emigrantes retornadas.

2. **Estar inscritas e ser beneficiarias do SNGX no ámbito da comunidade autónoma de Galicia** no momento de iniciarse as accións do programa.

No caso das persoas admitidas que formen parte da lista de agarda, a acreditación de estar inscrita e ser beneficiaria do SNGX comprobarase coa data da súa incorporación ao programa.

Máis información sobre como inscribirse no SNGX en:

- <https://www.sepe.es/HomeSepe/Personas/encontrar-trabajo/Garantia-Juvenil/que-es-garantia-juvenil.html>

3. **Ter entre 18 anos e 30 anos**, no senso que establece a normativa vixente do SNGX, de conformidade co disposto no artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

4. **Non ter participado e completado con anterioridade as accións desenvolvidas en edicións previas do programa Xuventude Mentoring.** Exclúense aquelas persoas que, estando inscritas en edicións anteriores, finalizaran a súa participación no programa sen recibir ou sen completar as accións de mentorización previstas.

## 8. CAL É O PRAZO DE SOLICITUDE?

O prazo de solicitude estará aberto entre o 5 de febreiro de 2024 ás 08:00 horas e o 1 de marzo de 2024 ás 23:00 horas.

O prazo para realizar a subsanación da documentación establecida como obrigatoria será de 2 días hábiles a contar desde o día seguinte á recepción da comunicación de solicitude de emenda. Pasado o dito prazo sen que se emende a mesma, darase por renunciado á participación no programa.

A comunicación de solicitude de emenda enviarase ao enderezo do correo electrónico rexistrado no formulario de solicitude.

## 9. COMO INSCRIBIRSE AO PROGRAMA?

A inscrición no programa **realizarase exclusivamente de xeito telemático** a través do formulario e achega da documentación obrigatoria na seguinte páxina web:

- <https://www.xuventudementoring.gal/inscripcion/>

Só será válida unha única solicitude por persoa. No caso de que algunha persoa presentara unha nova solicitude entenderase que desiste da anterior é só será válida a última presentada.

## 10. COMO SE REALIZARÁ A SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES?

A selección das persoas beneficiarias realizarase antes do 8 de marzo de 2024, atendendo ao seguinte procedemento:

**Fase 1. Recepción de candidaturas:** desde o día no que se abra o prazo de solicitude e ata o 1 de marzo de 2024, exclusivamente de xeito telemático a través da páxina web indicada no apartado anterior.

Dentro desta fase abordaranse as seguintes subfases:

- **Subfase 1:** revisión administrativa do cumprimento dos requisitos de participación.
- **Subfase 2:** avaliación da solicitude presentada.

Estas dúas subfases iranse desenvolvendo segundo se vaian recibindo solicitudes das persoas interesadas.

**Fase 2. Entrevistas persoais co equipo técnico de titorización do programa:** seguindo o proceso de inscrición, a entrevista celebrarase unha vez concertada entre a persoa inscrita e o membro do equipo de titoración, podendo ser presencial ou en liña.

Só participarán nesta fase as persoas inscritas que teñan cumpridos todos os requisitos establecidos nestas bases e teñan presentado toda a documentación obrigatoria en tempo e forma.

**No caso de que existan máis solicitudes validamente presentadas que prazas ofertadas,** teranse en conta os seguintes criterios prioritarios e asignación de puntos correspondentes:

- **Maior idade,** cun máximo de 2 puntos, atendendo aos seguintes criterios:
  - Entre 18 e menor ou igual a 25 anos: 1 punto
  - Entre 26 e 30 anos: 2 puntosPara este factor tomarase como idade a correspondente á data de solicitude.
- **Menor experiencia laboral na súa categoría profesional,** cun máximo de 2 puntos, atendendo aos seguintes criterios:
  - Sen experiencia laboral: 2 puntos.
  - Con ata 180 días (incluídos) de experiencia laboral: 1 punto.
  - Con máis de 180 días de experiencia laboral: 0 puntos.

Para os efectos do disposto neste factor, consideraranse grupos de cotización correspondentes á titulación os que se correspondan coa seguinte táboa:

Titulación	Grupo/s de cotización á Seguridade Social
Título superior universitario (licenciado universitario, arquitecto, enxeñeiro ou grao)	1 ou 2
Título medio universitario (graduado, diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou grao)	1 ou 2
Título de formación profesional de grado superior ou equivalente	3 ou 5

- **Mellor expediente académico**, cun máximo de 5 puntos, atendendo aos seguintes criterios:
  - Nota media igual ou superior a 8 no expediente: 5 puntos.
  - Nota media igual ou superior a 6 e inferior a 8 no expediente: 3 puntos.
  - Nota media inferior a 6 no expediente: 1 punto.
  - Non se achega expediente: 0 puntos.

En caso necesario, para as titulacións universitarias que o precisen, a nota media calcularase segundo o previsto no Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

- **Pertenza a un colectivo de difícil inserción laboral: persoas con discapacidade ou colectivos en risco de exclusión**, cun máximo de 5 puntos, atendendo aos seguintes criterios (acumulables entre si):

- Persoa con discapacidade certificada igual ou superior ao 33%: 2,5 puntos.
- Persoa pertencente a un colectivo en risco de exclusión social: 2,5 puntos.

A acreditación de pertenza a estes colectivos farase por parte da persoa solicitante, achegando os certificados correspondentes dos Servizos Sociais, no momento en que sexa requirida durante a entrevista persoal por parte da persoa titora asignada para a súa valoración, non debéndose incluír dentro da documentación definida como obrigatoria e identificada nos apartados anteriores destas bases.

- **Motivación e entrevista persoal**, cun máximo de 10 puntos, atendendo á valoración profesional feita pola persoa titora asignada durante a entrevista establecida na fase 2 do proceso de selección segundo os seguintes criterios:
  - Óptima motivación: Entre 8 e 10 puntos.
  - Boa motivación: Entre 5 e 7 puntos.
  - Motivación mínima: Entre 2 e 4 puntos.

## 11. CANDO SE COÑECERÁ A RELACIÓN DE PERSOAS SELECCIONADAS?

A publicación da listaxe definitiva de persoas participantes seleccionadas realizarase na páxina web <https://www.xuventudementoring.gal/convocatorias/> unha vez realizada a selección das persoas beneficiarias, tal e como detalla o apartado anterior.

## 12. HABILITACIÓN DA LISTA DE AGARDA

No caso de superarse as 250 solicitudes de persoas interesadas que cumpran con todos os requisitos establecidos, o CIXUG publicará unha lista de agarda, cuxa orde atenderá estrita e exclusivamente aos criterios prioritarios indicados anteriormente.

As persoas que formen parte da lista de agarda e que sexan requiridas para participar no programa **Xuventude Mentoring** por renuncia ou incumprimento doutras persoas xa admitidas, deberán acreditar que están inscritas e son beneficiarias do SNGX coa data da súa incorporación ao programa.

### 13. QUE OBRIGAS CONLEVA A PARTICIPACIÓN?

A inscrición no **Programa Xuventude Mentoring** supón aceptar a obriga de participar nas accións definidas polo equipo técnico de titorización e pola persoa ou persoas mentoras, en función do acordo coa propia persoa participante.

As persoas participantes comprométese tamén a chegar, cando lle sexa solicitada, a información en relación aos indicadores de participación definidos polo Fondo Social Europeo, na súa Iniciativa de Emprego Xuvenil, así como calquera outra información que lle poida ser solicitada polas entidades financiadoras como proba da súa participación no programa.

As renuncias e baixas do Programa Xuventude Mentoring deberán comunicarse por escrito mediante o formulario que se atopa a continuación:

- <https://xuventudementoring.gal/baixa>

### 14. CALES SON AS CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROGRAMA?

Serán causas de exclusión do Programa Xuventude Mentoring:

- Non cumprir, en tempo e forma, os requisitos establecidos como obrigatorios.
- Non atender ao requirimento de subsanación de documentación establecida como obrigatoria.
- A presentación da renuncia ou baixa segundo se ten establecido nas presentes bases.
- Non participar con aproveitamento na formación establecida como obrigatoria no Programa, sempre e cando non exista unha causa xustificada.

### 15. MÁIS INFORMACIÓN

Para máis información, consulta a web do programa:

- <https://xuventudementoring.gal/>